Trasalba 19 do maio do 63

Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero

Lugo

Meu querido amigo e mestre:

Un abrazo pra Vde no meio do tecer e destecer dos meus viaxes. Leendo a nova da sua conferencia rosalián en Fonseca matinei cunha fonda de grave alegría no meu vello peirao de corazón, en como Vde chegaba a primeira mañán - gris, capeliñas dos ollos das mañáns de Sant Iago - a sua cadeira de Literatura Galega da Universidade.. Acordíamos dos lonxes os amigos e nacía un novo sorrir na capela do Rei de Francia e outro cantigar de gaudeamus no coro dos carballos da Santa Susana.

Estou matinando nas horas composteláns da Festa da Ascensión.

Lembranzas na casa e de Fita pra Vdes.

Sempre vello amigo e admirador,

Ramón Otero Pedrayo

AC
RC 1173